




**CONCELLO DE LUGO**  
Concellería De Cultura, Turismo,  
Xuventude E Promoción Da Lingua

## **BOLETÍN DE INFORMACIÓN CULTURAL DE LUGO**

### **MIHL**

- **EXPOSICIÓN “ JOSÉ DA RIVA VARELA. UN LABREGO POR OBRIGA CON GRANDES INQUEDANZAS”**

Martes a sábado de 11.00 a 13.30 horas e de 17.00 a 19.30 horas  
Domingos, de 17.00 a 20.00 horas



Museo  
Interactivo  
da Historia  
de Lugo

### **HORARIOS DA OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO E DOS MUSEOS MUNICIPAIS**

#### **OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO/ CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA MURALLA**

Luns, martes e mércores de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 18.00h  
De xoves a domingo: de 11.00 a 19.30h

#### **CASA DOS MOSAICOS**

Martes a sábado de 11.30 a 13.30 horas e de 17.00 a 19.00 horas  
Domingos de 11.30 a 13.30 horas

#### **CENTRO ARQUEOLÓXICO SAN ROQUE**

De xoves a sábado, de 11.30 a 13.30 horas e de 17.00 a 19.00 horas  
Domingos, de 11.30 a 13.30 horas

#### **SALA DE EXPOSICIÓNS PORTA MIÑA**

De xoves a sábado, de 11.30 a 13.30 horas e de 17.00 a 19.00 horas  
Domingos, de 11.30 a 13.30 horas



**CONCELLO DE LUGO**  
Concellería De Cultura, Turismo,  
Xuventude E Promoción Da Lingua

## **O VELLO CÁRCERE**

- EXPOSICIÓN “UNHA CÁRCERE, UNHA PORTA E UN XARDÍN” Historia do cárcere do Partido Judicial
- EXPOSICIÓN “**O VELLO CÁRCERE DE LUGO. DA GUERRA Á POSGUERRA**” Memoria histórica da represión franquista en Lugo
- EXPOSICIÓN PERMANENTE “**ELAS**”
- EXPOSICIÓN “**DESENTERRAR O PASADO**”, un percorrido pola arqueoloxía de Lugo
- EXPOSICIÓN “**RETRATOS SOBRE FONDO NEGRO**” de Pilar Gallizo
- EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA **24 MARATÓN FOTOGRÁFICO DO CAMPUS**

## **HORARIO**

Luns de 11 a 14 horas

Martes e mércores de 11 a 14 e de 17:00 a 20:30 horas

Xoves, venres e sábado de 11 a 14 e de 17:00 a 22:30 horas

Domingos de 11 a 14 e de 17:00 a 20:30 horas

Venres, 14 de decembro ás 20.00h no auditorio

Presentación do libro: “**Los templarios y la inquisición: La Iglesia en la literatura**” a cargo de Teo Palacios e Fran Narla

Sábado, 15 de decembro ás 20.00h no patio

Presentación do audio-libro de **Ricardo de Barreiro**: “**Unha viaxe pola marea máis suxestiva e bravía: O amor**”

Martes, 18 de decembro ás 20.00h no patio

Mesa redonda sobre **memoria histórica e literaria coas hispanistas da Universidade de París Este (UPEM)**. Presentación a cargo de Claudio Rodríguez Fer, Escritor e Director da Cátedra Valente de Poesía e Estética (USC).

Mércores, 19 de decembro ás 20.00h no auditorio

Presentación **THE MAKING OF** de Xavier Alcalá

## **VISITAS GUIADAS**

Xoves e venres, de 18:00 a 21:00 horas

Sábados e domingos de 11:30 a 13:30 e de 18:00 a 20:00 horas

As prazas son limitadas (25-30 persoas), polo hai que inscribirse previamente na recepción ou no982297195



**CONCELLO DE LUGO**  
Concellería De Cultura, Turismo,  
Xuventude E Promoción Da Lingua

### **AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE**

Venres, 14 de decembro ás 21.00h

**LUAR NA LUBRE EN CONCERTO : PRESENTACIÓN “RIBEIRA SACRA”**

Entradas: [ataquilla.com](http://ataquilla.com)

Sábado, 15 de decembro ás 21.00h

**EL LAGO DE LOS CISNES**

Entradas: [ataquilla.com](http://ataquilla.com)

Domingo, 16 de decembro ás 18.30h

Programación de teatro e danza para público familiar.

**EXPRESIÓN PRODUCCIÓN: UXÍO NO PAÍS DE PATADECABRA**

Entradas: Na Oficina Municipal de Turismo e no Auditorio dende unha hora e media antes das funcións. 5€ adultos e 2.5 nenas e nenos

**EXPOSICIÓN “HÉROES OCULTOS. INVENTOS GENIALES. OBJETOS COTIDIANOS”** na praza Horta do Seminario

Organiza: Fundación “La Caixa”

Colabora: Concello de Lugo

### **XUVEN LUGO**

14-16, 21-23 e 25-30 de Decembro de 2018

1-4 e 6-7 de Xaneiro de 2019

Horario: 16.30 a 20.30h

Organiza: Fundación Feiras e Exposicións de Lugo

Colabora: Concello de Lugo e Deputación Provincial de Lugo

### **EXCURSIÓNS TERRAS DE AUGA E CULTURA**

Domingo, 16 de decembro con saída as 10.30h

**E A TERRA COLOREOU DE FERRO AS NOSAS PAISAXES**

A Raxoá, Fonte das Augas, Pena de San Mamede, Bouzallo de San Miguel, Fonte Barrosa, Cova de Avión



## NADAL EN FAMILIA

Xogos e espectáculos para a primeira infancia (0 a 6 anos) no MIHL

### Do 23 de decembro ao 4 de xaneiro

Esta programación dirixese a nenas e nenos de 0 a 6 anos e as súas familias. Trátase de obradoiros e espectáculos que se realizarán no MIHL, sempre ás 18.00 horas e para os que se recollerán tarxetas de pase na propia semana da actuación na Biblioteca Municipal do Parque da Milagrosa. Establécese en 35 o número máximo de nenas e nenos participantes en cada sesión.

### Domingo, 23 de decembro

18.00 h.  
Duración: 50 min.  
3-6 anos. Narración oral e manipulación de obxectos.  
**MARTA ORTIZ. Cores.**  
Unha noite Violeta, metida na cama coa súa avoa, comeza a soñar en branco e negro. Os seus soños quedaron sen cores! Cos contos da avoa e un vello libro a nena volverá soñar, rir e ver que os problemas teñen solución e os nosos soños poden ter todas as cores que queiramos.

### Mércores, 26 de decembro

18.00 h.  
Duración: 60 min. ( 30 min. de espectáculo e 30 min. de xogo)  
1-6 anos.

### BABALUVA TEATRO. Minia convidáde a xogar.

A rapariga Minia, mentres agarda polos seus pais no almacén do seu traballo, xoga con caixas de cartón creando distintos ambientes imaxinados, xogos, aventuras e personaxes.

### Xoves, 27 de decembro

18.00 h.  
Duración: 40 min.  
0-3 anos.  
**TRINKE TRINKE. Paxariños.**  
Vanessa cóntanos un conto Turelí - Tureló en nove capítulos ou escenas a modo das cantarelas dos xogos infantís; é un conto poético moi sinxelo e apropiado para os primeiros anos.

### Venres, 28 de decembro

18.00 h.  
Duración: 50 min.  
0-3 anos.  
**PERCUBEBÉ. Moraima.**  
Moraima vive nun bosque rodeada dun mundo máxico. Coa música e os xogos faranos gozar, cantar e tocar nunha longa viaxe polo seu mundo de máxicos soutos.

### Sábado, 29 de decembro

18.00 h.  
Duración: 50 min.  
3-6 anos.  
**MARTIÑA SOÑADORA. Concerto.**  
As nenas e nenos bailarán, aprenderán das músicas e gozarán de cancións con ritmos brasileiros, portugueses, do rock and roll e mesmo do blues.

### Domingo, 30 de decembro

18.00 h.  
Duración: 35 min.  
0-3 anos.  
**RAQUEL QUEIZÁS. Nanocontos.**  
Guiados por Nano, unha ra que medra cos contos, os bebés verán estimulada a percepción espacial e psicomotricidade a través de pequenas historias.

### Mércores, 2 de xaneiro

18.00 h.  
Duración: 45 min.  
0-6 anos.  
**TEATRO Ó CUBO. Nube nube sol.**  
A través do corpo, o xesto, o canto e a música achégase á primeira infancia a maxia dos ciclos da natureza e a importancia da choiva para que todo medre.

### Xoves, 3 de xaneiro

18.00 h.  
Duración: 50 min.  
3-6 anos.  
**ANXO MOURE. Contos do Apalpador.**  
Proposta de viaxe imaxinaria ao Caurel a través dos contos cun tronco oco dunha mazaira que unha fada das montañas nos agasalla para que miremos o mundo a través do corazón das árbores.

### Venres, 4 de xaneiro

18.00 h.  
Duración: 35 min.  
0-3 anos.  
**ATENEA GARCÍA. Bichocas.**  
Con esta proposta estimularase a creatividade individual e colectiva despertando a sensibilidade da primeira infancia cara ao uso do galego. Os obxectos e a palabra faranos viaxar a través do mundo animal.



## NADAL EN FAMILIA

Obradoiros e espectáculos para nenas e nenos de 6 a 12 anos no C.S. O Vello Cárcere.

### Do 22 de decembro ao 4 de xaneiro

Os obradoiros, de temática diferente cada día, realizaranse en dúas quendas: de mañá entre as 11.30 e as 13.30 horas e de tarde entre as 17.30 e as 19.30 horas. Para participar deberán inscribirse no O10 - 982 297350, en tres obradoiros como máximo. En cada obradoiro vai indicado o número máximo de participantes.

### Sábado, 22 de decembro

11.30 - 13.30 e 17.30 - 19.30 h.  
Duración: 120 min. cada un 6-12 anos. 15 participantes  
**Fábrica de Sons / Milcores. OBRADOIRO DE CALCETÍN DE NADAL.**  
Con materiais coma feltro e goma eva confeccionaranse calcetíns de Nadal para pendurar nun lugar visible da casa e gardar neles quen sabe qué sorpresas...

### Luns, 24 de decembro

11.30 - 13.30 h.  
Patio do Vello Cárcere  
**Peti's Rock. DISCOTECA INFANTIL.**

### Mércores, 26 de decembro

11.30 - 13.30 e 17.30 - 19.30 h.  
Duración: 120 min. cada un 6-12 anos. 25 participantes.  
**Peti's Rock. OBRADOIRO DIVERTIBOLAS,**

### DECORACIÓN DE BÓLAS DE NADAL.

Os personaxes de animación infantil e os debuxos de bandas deseñadas poden formar parte dos adornos de Nadal. E se as tartarugas Ninja ou os Minions pendurárense da árbore?

### Xoves, 27 de decembro

11.30 - 13.30 e 17.30 - 19.30 h.  
Duración: 120 min. cada un 6-12 anos. 25 participantes.  
**O Xeito. TROUPELEANDO NO NADAL. OBRADOIRO DE MÚSICA E MOVEMENTO PARA TODA A FAMILIA.**

Cantar, bailar e gozar cos máis pequenos acompañados dos seus pais, irmáns, avós... partindo da nosa tradición cantaranse panxoliñas, aninovos e faranse bailes sinxelos aptos para compartir en familia.

### Venres, 28 de decembro

11.30 - 13.30 e 17.30 - 19.30 h.  
Duración: 120 min. cada un 6-12 anos. 25 participantes.  
**Peti's Rock. OBRADOIRO MUSIQUEANDO. FABRICACIÓN DE INSTRUMENTOS MUSICAIS CON MATERIAIS DE REFUGALLO.**

As chapas das botellas, os botes de produtos de limpeza, os bricks, os cartóns de rolos de papel, as latas de conservas poden ter unha segunda vida como orixinais

instrumentos de música que se empregarán para crear panxoliñas modernas.

### Sábado, 29 de decembro

11.30 - 13.30 e 17.30 - 19.30 h.  
Duración: 120 min. cada un 6-12 anos. 15 participantes.  
**Fábrica de Sons / Milcores. OBRADOIRO DE PINTURA EN PORCELANA.**  
Personalizaranse cuncas de almorzo con orixinais debuxos realizados con pintura cerámica, resistente aos lavados para conservalos durante moito, moito tempo.

### Luns, 31 de decembro

11.30 - 13.30 h.  
Patio do Vello Cárcere  
**Peti's Rock. DISCOTECA INFANTIL.**

### Mércores, 2 de xaneiro

11.30 - 13.30 e 17.30 - 19.30 h.  
Duración: 120 min. cada un 6-12 anos. 25 participantes.  
**Axiña. OBRADOIRO DE ADORNOS CON FELTRO.**  
Os distintos motivos e personaxes de Nadal ( follas de acivro, imaxes dos Reis Magos, vestiario, estrela de Belén, bonecos de neve...) tomaranse como base para realizar pequenos obxectos decorativos para crear ambiente de Nadal nas casas das nenas e nenos.

### Xoves, 3 de xaneiro

11.30 - 13.30 e 17.30 - 19.30 h.  
Duración: 120 min. cada un 6-12 anos. 15 participantes.  
**Fábrica de Sons / Milcores. OBRADOIRO DE CHAPAS / PINS PERSONALIZADOS.**  
Cos deseños elixidos polas nenas e nenos e outros propostos polos monitores do taller, faranse todos os pasos para elaborar chapíñas que adornarán as prendas destes pequenos creadores.

### Venres, 4 de xaneiro

11.30 - 13.30 e 17.30 - 19.30 h.  
Duración: 120 min. cada un 6-12 anos. 25 participantes.  
**Peti's Rock. OBRADOIRO PARA DARLLES UNHA NOVA VIDA AOS XOGUETES ROTOS.**  
Cada nena e neno traerá da súa casa cando menos un xoguete cun "pequeno defecto" que repararemos neste obradoiro e terá unha nova oportunidade.

### Días 22, 26, 27, 28, 29 de decembro e 2, 3 e 4 de xaneiro.

De 11.30 a 13.30 h.  
**OBRADOIRO DE PANXOLIÑAS**  
O día 5 de xaneiro as nenas e nenos participantes ofrecerán un concerto na praza Maior, diante da Casa do Concello, antes da chegada da Cabalgata dos Reis Magos de Oriente.

## GRAN CINEMA DE NADAL NO VELLO CÁRCERE

Exquisita selección de filmes do Cinema Clásico para todos os públicos no Auditorio do C.S. O Vello Cárcere

### 22 de decembro

18:30 horas  
**O apartamento** (1960)  
Dir.: Billy Wilder

### 23 de decembro

18:30 horas  
**O bazar das sorpresas** (1944)  
Dir.: Ernst Lubitsch

### 29 de decembro

18:30 horas  
**Plácido** (1961)  
Dir.: Jose Luis García Berlanga

### 30 de decembro

18:30 horas  
**De ilusión tamén se vive** (1947)  
Dir.: George Seaton

### 3 de xaneiro

18:30 horas  
**Canción de Nadal** (1951)  
Dir.: Brian Desmond Hurst

### 3 de xaneiro

20:30 horas  
**A muller do bispo** (1947)  
Dir.: Henry Koster

## EXPOSICIÓNS

### 22 de novembro - 7 de xaneiro

De luns a venres, de 12.30 a 14.00 e de 17.00 a 21.00 horas  
Sábados, domingos e festivos apertura ás 11.00 horas  
Praza Horta do Seminario  
**Inventos xeniais. HÉROES OCULTOS. Obxectos cotiáns.**  
Caixa Forum. Obra Social "La Caixa" - Concello de Lugo.  
Visitas concertadas grupos 902906666

### 21 de novembro - fins de xaneiro

De martes a sábado, de 11.00 a 13.30 e de 17.00 a 20.00 horas  
Domingos de 17.00 a 20.00 horas  
Museo Interactivo da Historia de Lugo MIHL  
**JOSÉ DARRIVA VARELA. Un labrego por obriga con grandes inqedanzas.**


Exposicións no Vello Cárcere, no seguinte horario de apertura do centro:  
Luns de 12.00 a 14.00.  
Martes e mércores de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.30 horas.  
Xoves, venres e sábado de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 22.30 horas.  
Domingo de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 20.30 horas.

- Fotografías da Muralla de Pepe Álvarez "Feitas con Móbil"  
- Exposición fotográfica 24 Maratón fotográfico do Campus de Lugo.  
- Retratos sobre fondo negro de Pilo Gallizo.  
- Exposición permanente "Elas"  
- Desenterrar o pasado, un percorrido pola arqueoloxía de Lugo.

## FEIRA DE ARTESANÍA

21 de decembro - 5 de xaneiro  
Pechado días 25 e 1  
Horario: 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00 horas  
Apertura / inauguración día 21 ás 17.00 horas  
Praza Anxo Fernández Gómez  
**Feira ARTENADAL Venda de artesanía**

[www.lugo.gal](http://www.lugo.gal)  
Máis info no 010 - 982 297350

 [fb.com/LugoTurismo](https://www.facebook.com/LugoTurismo)

 [@lugoturismo](https://twitter.com/lugoturismo)

app de lugoturismo



**Concello de Lugo**  
Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua





# 16 DECEMBRO

10.30 - 18.00 horas  
Excursión Terras de Auga e Cultura Saída da rúa Anxo López Pérez.  
**“E a terra coloreou de ferro as nosas paisaxes”**  
Inscripción na Oficina Municipal de Turismo, praza do Campo, 11.  
Tfno. 982 251658

18.30 horas  
Auditorio Municipal Gustavo Freire  
**Expresión producións “Uxío no país de Patadecabra”**  
Convenio Concello de Lugo - Agadic  
Venda de entradas na Oficina de Turismo, praza do Campo, 11 e no Auditorio.

# 18 DECEMBRO

20.00 horas  
Patio do Vello Cárcere  
**Mesa redonda sobre memoria histórica e literaria coas hispanistas da Universidade de París Este (UPEM) Chistine Delfour, historiadora e Marie-Blanche Requejo Carrió, filóloga.**  
**Presentación a cargo de Claudio Rodríguez Fer.**

# 19 DECEMBRO

20.00 horas  
Auditorio do Vello Cárcere  
**Presentación da novela de Xavier Alcalá *The Making Of*.**

# 20 DECEMBRO

20.30 horas  
Patio do Vello Cárcere  
**Debate “Nora Helmer, un portazo ao sistema patriarcal”.**  
**Con Paloma Lugilde e os actores de Estudio do Momento.**

# 21 DECEMBRO

20.30 horas  
Patio do Vello Cárcere  
**Clásicos nunha hora. Representación teatral da obra “1879. Casa de Bonecas”**  
Estreada por primeira vez o 21 de decembro de 1879 en Copenhague.

# 22 DECEMBRO

13.00 horas  
Patio do Vello Cárcere  
**Concerto de Música Antiga.**  
Cantigas de Amigo dos séculos XIII e XIV co programa E MOIRO - ME D'AMOR a cargo do grupo Meendinho, integrado por Paulina Ceremuzynska, voz e Carlos Vázquez, salterio e percusión.  
Entrada libre ata completar a cabida.

16.30 - 20.30 horas  
Actuación itinerante procedente da avenida da Coruña ata a Casa do Concello e obradoiros nos soportais e parte superior da praza Maior.  
En caso de choiva, no patio do Vello Cárcere.  
**Festa de Benvinda ao Apalpador**  
(coa intervención dos colectivos A Volta do Agro, A Tradescola, O Xeito, Lucecús Teatro, A Mesa pola Normalización Lingüística, C.S. Madia Leva, Troupelear, Cantigas e Frores e Semente Lugo).  
18.30 horas  
Sala de grupos do MIHL  
**Presentación do libro de Toño Núñez *A gotiña viaxeira*.**

# 23 DECEMBRO

12.30 horas  
Patio do Vello Cárcere  
**Concerto de Rodrigo Román Trío “Fíos de ouro no ar”**  
Entrada libre ata completar a cabida.

# 27 DECEMBRO

19.30 horas  
Inicio no patio do Vello Cárcere e itinerancia polo Campo Castelo e praza do Campo.  
**Actuación de Tundal “Cantos de Nadal”**

# 28 DECEMBRO

18.30 horas  
Patio do Vello Cárcere  
**Actuación de Iseo A Moura “Se as árbores falaran”**  
Narración oral e música ao vivo  
Para público familiar con nenas e nenos de 6 a 12 anos.  
Entrada libre ata completar a cabida.

# 29 DECEMBRO

20.30 horas  
Patio do Vello Cárcere  
**Actuación do grupo portugués Oquestrada, “Atlantic Beat”**  
Entrada libre ata completar a cabida.

# 30 DECEMBRO

13.00 horas  
Patio do Vello Cárcere  
**Concerto de Rut León acompañada de David Taboada**  
Entrada libre ata completar a cabida.

# 02 XANEIRO

20.30 horas  
Auditorio Municipal Gustavo Freire  
**Gran Concerto de Aninovo da Banda Filharmónica de Lugo.**  
De balde, con retirada de entrada a través de [www.entradaslugo.es](http://www.entradaslugo.es), na Oficina de Turismo e unha hora e media antes da actuación no propio auditorio.

# 04 XANEIRO

18.30 horas  
Patio do Vello Cárcere  
**Trotasongs. Contacánticos. “As viaxes polas fragas dos Biosbardos”**  
Para público familiar con nenas e nenos de 6 a 12 anos.  
Entrada libre ata completar a cabida.  
20.00 horas  
Auditorio Municipal Gustavo Freire  
**Concerto de Edgar Bao.**  
**Presentación do seu novo single “Tu vida en la mía”.**  
De balde, con retirada de entrada a través de [www.entradaslugo.es](http://www.entradaslugo.es), na Oficina de Turismo e unha hora e media antes da actuación no propio auditorio.

# 05 XANEIRO

17.00 horas  
Praza de Santo Domingo, rúa da Raiña e praza Maior  
O Xeito. Actuacións do **Rancho de Reis** con interpretación de catro danzas tradicionais: Danza de Fitas, de Arcos, de Paos e de Castañetas.  
18.00 horas  
Parque da Milagrosa - Praza Maior  
**Cabalgata dos Reis Magos**



# BAILES CONTRA A FAME

Venres, 21 de decembro do 2018, dende as 17.00 ata as 23.00h  
Soto da Praza de Abastos de Lugo

Consegue a túa entrada entregando:

- Alimentos non perecedoiros
- Alimentos e produtos de hixiene infantís
- Alimentos para animais de compañía

Intercambiaremos alimentos do corpo por alimentos do espírito.  
Participa e asiste de balde a esta xornada realizada por artistas locais  
que dun modo totalmente desinteresado contribúen coa súa arte.

Presenta: **CARMEN CONDE**

**LA PENÚLTIMA - TRIBUTO A SABINA**  
**THE OLD PROJECT** **Feat. SILVIA VIÑAS**  
**FORGET LA FRANCE!!**  
**ALTOVERSO**  
**DJ CRAZY PELUKAS**  
**DJ POPY GARCÍA**



Organiza

Comunica

Colabora

Produce

